

d) Comprobación da existencia e estado dos dispositivos requiridos para a navegación internacional, de acordo co anexo 6 da OACI:

- 1.º Certificado de operador aéreo.
- 2.º Certificado ruído e emisións.
- 3.º Manual de operacións (incluída a lista de equipo mínimo) e manual de voo.
- 4.º Equipo de seguranza.
- 5.º Equipo de seguranza da cabina.
- 6.º Equipo necesario para o voo de que se trate, incluído equipo de radiocomunicación e radionavegación.
- 7.º Rexistradores de datos de voo.

e) Comprobación de que as condicións da aeronave e o seu equipo (incluídos danos e reparacións) garanten o cumprimento das normas do anexo 8 da OACI.

2. Tras a inspección en pista deberá elaborarse a documentación correspondente que deberá incluír a información xeral contida no impreso do anexo II da Directiva 2004/36/CE do 21 de abril, relativa á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos da Comunidade.

Así mesmo, na mencionada documentación incluírase unha relación dos elementos comprobados xunto cunha indicación das deficiencias achadas en cada un dos devanditos elementos e calquera observación específica que se considere necesaria.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8348** *REAL DECRETO 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español.* («BOE» 113, do 12-5-2006.)

### ÍNDICE

Capítulo I.	Disposicións xerais e definicións.
Artigo 1.	Disposicións xerais.
Artigo 2.	Definicións.
Artigo 3.	Conselleiros de seguranza.
Capítulo II.	Normas sobre a operación de transporte.
Artigo 4.	Condutores.
Artigo 5.	Normas de circulación.
Artigo 6.	Axudantes.
Artigo 7.	Permisos excepcionais e especiais.
Capítulo III.	Normas técnicas sobre vehículos de transporte, envases e embalaxes, grandes recipientes para granel, grandes embalaxes e contedores a granel (pulverulentos ou granulares).
Artigo 8.	Envases, embalaxes, grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes.
Artigo 9.	Vehículos.
Artigo 10.	Cisternas, vehículos batería e CGEM e vehículos EXII, EXIII, FL, OX e AT.
Artigo 11.	Contedores a granel (pulverulentos ou granulares) especiais para determinados produtos segundo ADR.
Artigo 12.	Organismos de control e estacións ITV.
Artigo 13.	Contrasinais.
Artigo 14.	Reparacións ou modificacións.
Artigo 15.	Actas de inspección.
Artigo 16.	Certificado de aprobación.
Artigo 17.	Remisión de documentación.

Artigo 18.	Documentación das inspeccións.
Capítulo IV.	Normas de actuación en caso de avaría ou accidente.
Artigo 20.	Actuación e comunicación.
Artigo 21.	Plans de actuación.
Artigo 22.	Acordos de colaboración.
Artigo 23.	Informes.
Capítulo V.	Operacións de carga e descarga.
Sección 1. <sup>a</sup>	Normas xerais.
Artigo 24.	Información previa.
Artigo 25.	Documentación.
Artigo 26.	Operacións previas á carga ou á descarga.
Artigo 27.	Operación de carga ou descarga.
Artigo 28.	Carga en común e limitacións.
Artigo 29.	Operacións posteriores á carga ou á descarga.
Sección 2. <sup>a</sup>	Normas especiais no caso de cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna.
Artigo 30.	Instalacións de carga ou descarga de cisternas.
Artigo 31.	Limpeza das cisternas.
Artigo 32.	Grao de enchedura de cisternas.
Artigo 33.	Procedemento de carga e descarga.
Artigo 34.	Control final.
Artigo 35.	Documentación despois das descargas.
Capítulo VI.	Réxime sancionador.
Artigo 36.	Aplicación.
Disposición adicional primeira.	Idiomas da documentación.
Disposición adicional segunda.	Certificados de aprobación dos vehículos.
Disposición transitoria única.	Certificados de aprobación de determinadas cisternas para transportar residuos.
Disposición derogatoria única.	
Disposición derradeira primeira.	Modificación do Real decreto 1556/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, ferrocarril ou por vía navegable.
Disposición derradeira segunda.	Facultades de desenvolvemento e actualización.
Disposición derradeira terceira.	Incorporación de dereito da Unión Europea.
Anexo I.	Normas especiais aplicables no caso de transportes desenvolvidos integramente dentro do territorio español.
Anexo II.	Relación de comprobacións para carga de mercadorías perigosas.
Anexo III.	Disposicións xerais que continúan en vigor en canto non se opoñan ao establecido no ADR ou neste real decreto.
Anexo IV.	Organismos de control e ITV.
	Cadro 1: Equipamentos de inspección.
	Cadro 2: Documentación técnica vixente.
	Cadro 3: Procedementos técnicos.
Anexo V.	Documentación.
Anexo VI.	Modelos de certificados.
Apéndice E1.	Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas.
Apéndice E2.	Acta de probas dun tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas.

Apéndice E3. Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de gran recipiente para granel (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas.

Apéndice E4. Acta de probas dun tipo de gran recipiente para graneis (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas.

Apéndice E5. Acta de conformidade da produción de envases/embalaxes/grandes embalaxes ou GRG.

Apéndice E6. Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo... para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E7.

Informe de inspección para aprobación de tipo: H.

Informe de inspección para aprobación de tipo: H A1.

Informe de inspección para aprobación de tipo: H A2.

Informe de inspección para aprobación de tipo: H A3.

Apéndice E8. Documentos de clase.

Inspección específica para a clase 2: C2.

Obtención/validación. Codificación de cisternas, vehículo-batería ou CGEM: C2 A1.

Comprobación do código da cisterna: C 3-9.

Obtención/validación. Codificación de cisternas: C 3-9 A1.

Apéndice E9. Acta de conformidade das unións soldadas dunha cisterna, vehículo-batería e CGEM para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E10. Acta de conformidade dos materiais empregados na construción dunha cisterna, vehículo-batería e CGEM para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E11. Acta de conformidade das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna, caixas móbiles cisterna e contedores de gas de elementos múltiples co tipo e de cumprimento regulamentario do vehículo portador.

Apéndice E12. Acta de proba volumétrica dunha cisterna, vehículo-batería, contedor cisterna ou CGEM para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E13. Certificado de calibración das válvulas de seguraza proba de válvulas de aireación dunha cisterna ou contedor cisterna, vehículo-batería e CGEM para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E14.

Documento de comprobación durante a inspección inicial ou periódica, do código dunha cisterna, vehículo-batería e CGEM: G.

Informe de inspección inicial ou periódica: G A1.

Informe de inspección inicial ou periódica: G A2.

Informe de inspección inicial ou periódica: G A3.

Apéndice E15. Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario da inspección dun vehículo, vehículo completo ou completado EX/II ou EX/III, vehículo cisterna, vehículo batería, vehículo para cisternas desmontables, vehículo para contedores cisterna, vehículo para cisternas portátiles ou CGEM.

Apéndice E16. Acta de inspección periódica das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna, caixas móbiles cisterna e contedores de gas de elementos múltiples e o seu vehículo portador para o transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Apéndice E17. (Reservado).

Apéndice E18. Informe previo á modificación ou reparación dunha cisterna, contedor cisterna ou batería de recipientes para o transporte de mercadorías perigosas.

Apéndice E19. Acta de inspección dunha cisterna, contedor cisterna ou batería de recipientes para o transporte de mercadorías perigosas por estrada tras a súa modificación ou reparación.

Apéndice E20. Certificado de proba de estanquidade.

Apéndice E21. Certificado de proba hidráulica.

Apéndice E22. Ficha técnica cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna.

Apéndice E23. Acta de inspección inicial ou periódica dun gran recipiente para graneis (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas.

Apéndice E24. Informe radiográfico.

Apéndice E25. Bosquexo radiográfico.

Apéndice E26. Bosquexo de situación das placas.

Apéndice E27. Informe de inspección por ultrasóns. Informe de partículas magnéticas.

Apéndice F1. (Reservado).

Apéndice F2. Certificado de aprobación para vehículos utilizados unicamente en territorio nacional para transportar residuos considerados como mercadería perigosa no ADR, conforme o anexo IV da Orde ministerial do 30 de decembro de 1994 ou para ensaios ou ben se trate de materias non recollidas no ADR que a Dirección Xeral de Transportes por Estrada, por resolución, autorice a transportar.

Polo Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada, incorporouse ao ordenamento interno a Directiva 94/55/CE, do Consello, do 21 de novembro, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros con respecto ao transporte de mercadorías perigosas por estrada, e dispúxose a aplicación ao transporte interno das normas internacionais reguladoras destes transportes, fundamentalmente do Acordo europeo sobre o transporte de mercadorías perigosas por Estrada (ADR), celebrado en Xenebra o 30 de setembro de 1957, coas súas modificacións. Por outra parte, de acordo coa normativa europea, introducíronse algunhas especialidades para o transporte interno; reguláronse outras cuestións como as relativas á conducción e circulación e ás operacións de carga e descarga; establecéronse normas técnicas sobre vehículos, unidades de transporte, envases e embalaxes, e grandes recipientes para granel; e, finalmente, regulouse o réxime sancionador.

Desde a aprobación do citado real decreto, producíronse significativas modificacións do ADR, da normativa de ordenación dos transportes terrestres e avances técnicos que exixen a súa revisión xeral, substituíndoo por unha nova norma que mantén a incorporación da citada directiva así como das súas modificacións. Por outra parte, con esta revisión perséguese, ademais, aumentar a seguraza destas operacións. Con estes

obxectivos, revisáronse as definicións; ampliáanse as necesidades de formación do persoal; concréntanse máis as normas de circulación; desenvólvense e establécense novas especificacións nas normas técnicas sobre vehículos, inspeccións e certificacións, unificándose criterios até o de agora dispares; recóllense novas normas sobre o parte de accidente e os conselleiros de seguranza; clarifícanse as responsabilidades dos intervinientes nas operacións de carga e descarga e suprímese o réxime sancionador por estar recollido na Lei 29/2003, do 8 de outubro, sobre mellora das condicións de competencia e seguranza no mercado do transporte por estrada, pola que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes por estrada.

Este real decreto recibiu o informe favorable da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas e foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo, e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2006,

## DISPÓN O:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais e definicións

##### Artigo 1. *Disposicións xerais.*

1. As normas do Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR) serán de aplicación aos transportes que se realicen integramente dentro do territorio español, coas especialidades recollidas no anexo I deste real decreto.

Así mesmo, aplicaranse ao transporte interno as normas contidas nos acordos internacionais bilaterais ou multilaterais que, conforme o disposto no ADR, sexan subscritos por España.

Non se poderán exixir condicións ou requisitos relativos á fabricación e aos equipamentos dos vehículos máis rigorosos que os establecidos no ADR.

2. As normas contidas nos capítulos II, IV, V e VI deste real decreto serán de aplicación ao transporte interno e internacional de mercadorías perigosas por estrada dentro do territorio español, mentres non resulten contrarias ao ADR.

3. O disposto no capítulo III será de aplicación ás empresas establecidas en España ou ás que desexen obter certificacións de conformidade de tipo ou homologacións de organismos de control españois ou de autoridades españolas.

4. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto os transportes de mercadorías perigosas por estrada que obedezan a actividades militares, os cales se rexerán polas normas especiais para tales transportes, incluíndo os tratados internacionais de que España sexa parte, sen prexuízo das particularidades que se establezan por razón dos seus fins e especiais características.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) ADR: o Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada, celebrado en Xenebra o 30 de setembro de 1957, e as súas sucesivas emendas.

b) Mercadorías perigosas: aquelas materias e obxectos cuxo transporte por estrada está prohibido ou autorizado exclusivamente baixo as condicións establecidas no ADR ou noutras disposicións específicas.

c) Transporte: o realizado en vehículos automóbiles, que circulen sen camiño de rodaxe fixo, por toda clase de vías terrestres urbanas ou interurbanas, de carácter público e, así mesmo, de carácter privado, cando o transporte que realicen sexa público.

Están consideradas como operacións de transporte as actividades de carga e descarga das mercadorías nos vehículos.

d) Expedidor: a persoa física ou xurídica por cuxa orde e conta se realiza o envío da mercadoría perigosa, para o cal se realiza o transporte, figurando como tal na carta de porte.

e) Transportista: a persoa física ou xurídica que asume a obriga de realizar o transporte, contando para tal fin coa súa propia organización empresarial.

f) Cargador-descargador: a persoa física ou xurídica baixo cuxa responsabilidade se realizan as operacións de carga e descarga da mercadoría, de acordo coas normas establecidas no artigo 22 da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

g) Vehículo: medio de transporte dotado de motor, destinado a ser utilizado en estrada, estea completo ou incompleto, que teña polo menos catro rodas e alcance unha velocidade máxima de deseño superior a 25 quilómetros/hora. Os remolques e semirremolques tamén teñen a consideración de vehículos.

Exclúense expresamente os vehículos que circulan sobre camiño de rodaxe fixo, os tractores forestais e agrícolas, e toda a maquinaria móbil, sen prexuízo do disposto no anexo I.

h) Tripulación dos vehículos: componse dos condutores e dos axudantes do condutor.

i) Axudante do condutor: toda persoa que acompañe o condutor coa finalidade de realizar ou asistilo nas manobras de carga, descarga e para tomar as medidas necesarias en situacións de emerxencia.

##### Artigo 3. *Conselleiros de seguranza.*

As empresas que regulamentariamente deban designar un conselleiro de seguranza para o transporte, carga ou descarga de mercadorías perigosas, facilitaranlle a este toda a información necesaria e dotaranos dos medios precisos para o desenvolvemento das súas funcións. Igualmente, tomarán coñecemento dos informes que emita no cumprimento das súas obrigas.

### CAPÍTULO II

#### Normas sobre a operación de transporte

##### Artigo 4. *Condutores.*

1. As empresas transportistas adoptarán as medidas precisas para que os vehículos cumpran as condicións regulamentarias e para que os condutores e os seus axudantes sexan informados sobre as características especiais dos vehículos e teñan a formación exixida na normativa vixente.

2. Os condutores que, de acordo co disposto no ADR, necesiten unha formación específica deberánse prover dunha autorización especial que os habilite para isto,



a cal será expedida pola Xefatura Provincial de Tráfico, na cal se solicite, conforme se determina no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, e disposicións complementarias. Esta autorización especial será equivalente ao certificado de formación previsto no ADR.

3. Serán aplicables ao transporte de mercadorías perigosas as normas establecidas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria, sobre condución de vehículos baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas e, en concreto, os artigos 20 a 28 do Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, así como as consecuencias penais que poidan derivar polo seu incumprimento. Así mesmo, serán de aplicación aos condutores de vehículos que transporten mercadorías perigosas as normas que, sobre límites de velocidade, establece a lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.

4. No caso do transporte de explosivos, os tempos de vixilancia e escolta computaranse como «outros traballos», para os efectos establecidos no artigo 7.4 do Regulamento CEE 3820/85, do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada.

#### Artigo 5. *Normas de circulación.*

1. A Dirección Xeral de Tráfico ou, de ser o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación, o control e a vixilancia da circulación, poderán fixar restricións á circulación de vehículos que transporten mercadorías perigosas, en virtude do disposto nos artigos 37 e 39 do Regulamento xeral de circulación. Deberán contar, para iso, co informe previo do Consello Superior de Tráfico e Segurancia da Circulación Viaria, que ditaminará a procedencia das medidas e propondrá as modificacións que se coiden oportunas para lograr a indispensable coordinación interterritorial nesta materia, salvo en casos imprevisos ou por circunstancias excepcionais.

2. Os vehículos que transporten mercadorías perigosas deberán utilizar os itinerarios que se establezan nas disposicións previstas no punto anterior, accedendo ou abandonando estes itinerarios pola entrada ou saída máis próxima aos lugares de carga, descarga, base da empresa, taller de reparacións, ou para efectuar os descansos diario ou semanal.

Cando existan itinerarios coincidentes por autoestrada, autovía ou plataforma desdoblada para ambos os sentidos de circulación, en todo ou parte do percorrido, deberán seguilos obrigatoriamente, salvo naqueles tramos que sexan obxecto das restricións a que se refire o punto anterior.

Cando existan circunvalacións, variantes ou roldas exteriores ás poboacións, deberán utilizalas inescusablemente, e sempre a máis externa, de ser o caso, ao núcleo urbano. Unicamente se entrará na localidade para realizar operacións de carga e descarga, e sempre polo acceso máis próximo ao punto de recollida ou entrega, salvo por causas xustificadas de forza maior. Tales vías deberán estar debidamente sinalizadas para a circulación destes vehículos.

As forzas de vixilancia encargadas da regulación e control do tráfico adoptarán as medidas oportunas tendentes a que se leve a efecto o establecido no presente artigo, desviando e encamiñando a circulación destes vehículos polos itinerarios que se consideren máis idóneos en cada momento, tanto desde o punto de vista da segurancia viaria como do da fluidez do tráfico.

3. O disposto no punto anterior non será de aplicación ao transporte de mercadorías perigosas realizado de

acordo con algunha das exencións recollidas no ADR por razón do cargamento, cantidade limitada ou polo tipo de transporte, salvo que, por motivos de segurancia, a autoridade competente considere que as citadas restricións sexan aplicadas tamén a estes transportes exentos.

#### Artigo 6. *Axudantes.*

Cando a operación de transporte precise axudante a bordo do vehículo, a empresa por cuxa conta actúa acreditará documentalmente que recibiu a formación adecuada para a operación que se lle encomendou.

#### Artigo 7. *Permisos excepcionais e especiais.*

1. A Dirección Xeral de Transportes por Estrada ou o órgano competente das comunidades autónomas, logo de informe da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, establecerán os criterios referentes á obtención de permisos excepcionais para aquelas mercadorías non incluídas no ADR, cuxo transporte poida implicar especiais riscos por razón da súa innovación tecnolóxica, da carga ou da súa ordenación, que se completarán coas instrucións que, con respecto á circulación, proceda que dite a autoridade competente en materia de tráfico e segurancia viaria.

2. Os transportistas que teñan que utilizar tramos de estrada ou vías urbanas que estean sometidos a restricións ou prohibicións de circulación para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, deberán solicitar permiso especial do órgano administrativo que as estableceu, logo de xustificación da súa necesidade, con indicación do calendario, horario, itinerario, necesidade de acompañamento, de ser o caso, e demais circunstancias específicas, de acordo co disposto no artigo 39 do Regulamento de circulación.

3. A Dirección Xeral de Transportes por Estrada ou, de ser o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán autorizar excepcionalmente, para cada caso independente, logo de informe favorable da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, o transporte de mercadorías perigosas prohibidas polo ADR ou o transporte realizado en condicións diferentes das previstas no ADR, na medida en que eses transportes sexan claramente definidos e de duración limitada. Da mesma maneira, poderán autorizar o transporte por estrada das mercadorías perigosas clasificadas, envasadas e etiquetadas consonte as normas do transporte marítimo ou aéreo, sempre que a operación de transporte inclúa un traslado por mar ou aire. Estas autorizacións completaranse coas instrucións que, con respecto á circulación, proceda que ditén as autoridades competentes en materia de tráfico e segurancia viaria.

Para estes efectos, os interesados en obter estas autorizacións deberán presentar ante o órgano competente unha solicitude acompañada dun estudo técnico que a xustifique, que deberá completarse, por petición do dito órgano, cos documentos e estudos que, de ser o caso, se coiden pertinentes.

### CAPÍTULO III

#### **Normas técnicas sobre vehículos de transporte, envases e embalaxes, grandes recipientes para granel, grandes embalaxes e contedores a granel (pulverulentos ou granulares)**

#### Artigo 8. *Envases, embalaxes, grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes.*

1. Como regulamentación complementaria para as probas e certificacións de conformidade cos requisitos regulamentarios, prescritas no ADR e neste real decreto,

de recipientes, envases, embalaxes e grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas, cumprírase o establecido nas disposicións recollidas no anexo III deste real decreto.

2. No caso de envases e embalaxes, grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes, a conformidade da produción en serie deberá efectuarse, polo menos, cada dous anos, a través dunha mostraxe dos prototipos autorizados sempre cos seus correspondentes ensaios.

Na dita conformidade da produción verificarase, ademais do cumprimento dos requisitos regulamentarios, que as marcaxes son as exixidas pola regulamentación vixente. Entenderase por marcaxe permanente en envases metálicos a embutición ou o troquelado alfanumérico con punzón ou lapis eléctrico e en envases de plástico o gravado por moldeado.

A conformidade da produción será realizada nas instalacións do fabricante polos organismos de control autorizados a que se refire o artigo 12 (OCAS), podéndose remitir mostrax a laboratorios acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), para a realización dos ensaios previstos na regulamentación de mercadorías perigosas.

En caso de non conformidade da produción por defecto de marcaxe, de probas ou outro tipo, a entidade, organismo ou laboratorio autorizado non certificará a produción, remitindo informe á autoridade competente. Unha copia da certificación de conformidade deberá ser remitida ao Rexistro de contrasinais do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. As probas, auditorías e certificacións de tipo, así como as comprobacións de conformidade de produción e, de ser o caso, as inspeccións iniciais, a que se fai referencia na regulamentación, serán realizadas por organismos de control que, conforme o disposto no punto 2 do artigo 11, poidan actuar na comunidade autónoma onde estea radicado o fabricante, ou o seu representante legal ou mandatario, se o fabricante é estranxeiro.

4. De ser o caso, as inspeccións periódicas a que fai referencia a regulamentación, serán realizadas por organismos de control que, conforme o disposto no punto 2 do artigo 12, poidan actuar na comunidade autónoma onde se realíza a inspección.

#### Artigo 9. *Vehículos.*

1. A homologación dos vehículos base dos vehículos de motor e os seus remolques ou semirremolques, a que fai referencia o ADR, realízase conforme o establecido nas disposicións recollidas no anexo III deste real decreto.

2. A instalación en vehículos de equipamentos de carga de explosivos en barreno axustarase ao disposto no Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, modificado polo Real decreto 56/1995, do 26 de xaneiro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Consello 89/392/CEE, modificada pola Directiva 93/44/CEE do 14 de xuño, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre máquinas, e estes equipamentos deberán ser conformes co establecido para eles nos regulamentos vixentes de seguranza mineira e explosivos; así mesmo, a análise de riscos correspondente deberá ser certificada, previamente á utilización dos ditos equipamentos, por unha entidade debidamente homologada.

Do cumprimento do disposto neste punto 2 informarase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

#### Artigo 10. *Cisternas, vehículos batería e CGEM e vehículos EXII, EXIII, FL, OX e AT.*

1. Como regulamentación complementaria ao establecido neste real decreto e no ADR, para o deseño, certificación da conformidade cos requisitos regulamentarios dun prototipo, construción e inspección inicial ou periódica de depósitos de cisternas, vehículos batería e contedores de gas de elementos múltiples (CGEM), inspección inicial ou periódica de vehículos portadores e outros aos cales se lles exixa no ADR, cumprírase o establecido nas disposicións recollidas no anexo III deste real decreto.

2. No caso de cisternas, vehículos batería e CGEM, as inspeccións iniciais a que se fai referencia nos puntos anteriores, realizaranse nas instalacións do fabricante da cisterna, vehículo batería ou CGEM ou nas do seu representante legal, e unha vez montado o depósito sobre o vehículo portador, no caso de cisterna e vehículo batería.

3. As inspeccións periódicas realizaranse coas periodicidades establecidas nas disposicións recollidas no punto 3 do anexo III deste real decreto.

4. Cando se producise unha reparación, modificación ou accidente que afectase a seguranza do depósito ou dos seus equipamentos, deberá efectuarse unha inspección extraordinaria conforme co establecido nas disposicións a, b e c recollidas no punto 3 do anexo III deste real decreto.

5. Os organismos de control que poidan actuar na comunidade autónoma onde radique o fabricante, ou o seu representante legal ou mandatario, se o fabricante é estranxeiro, realizarán as seguintes actuacións:

a) As certificacións de prototipos de cisternas, vehículos batería e CGEM, incluíndo os medios de fixación do depósito.

b) As auditorías dos medios de produción do fabricante.

c) A comprobación da súa aptitude para realizar os traballos de soldadura, o seguimento da construción en todas as súas fases, a selección e verificación dos materiais, os controis non destrutivos das soldaduras, incluída a súa selección e a adaptación da construción, en todos os seus aspectos, ao proxecto.

d) As inspeccións iniciais antes da posta en servizo das cisternas, vehículos batería e CGEM, incluíndo os medios de fixación do depósito, características de construción, exame interior e exterior, ensaio de presión hidráulica e outras probas ou ensaios que se requiran e verificación do bo funcionamento do equipamento.

e) As inspeccións iniciais dos vehículos portadores ou tractores de vehículos EXII, EXIII, FL, OX e AT.

6. Os organismos de control que poidan actuar na comunidade autónoma onde se leve a cabo a inspección, realizarán as inspeccións periódicas das cisternas, vehículos batería e CGEM, así como a dos vehículos portadores ou tractores de vehículos EXII, EXIII, FL, OX e AT.

Como excepción ao parágrafo anterior, as inspeccións anuais dos vehículos exclusivamente para prórrogas do certificado ADR, prescritas no ADR, para os tipos EXII, EXIII, FL, OX e AT, poderán tamén realizarse en estacións de inspección técnica de vehículos autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma.

#### Artigo 11. *Contedores a granel (pulverulentos ou granulares) especiais para determinados produtos segundo ADR.*

As aprobacións de tipo dos contedores, así como as certificacións de conformidade co tipo dos contedores fabricados en serie e as inspeccións periódicas, serán realizadas por organismos de control que cumpran as condicións do artigo 12 deste real decreto.

As características e os formatos dos documentos que xeren os organismos de control serán os que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Construtivamente, os citados contedores deberán cumprir as prescricións técnicas do capítulo 6.11 do ADR.

#### Artigo 12. *Organismos de control e estacións ITV.*

1. Os fabricantes ou propietarios dos vehículos e equipamentos que fosen obxecto dun informe ou certificación dun organismo de control ou unha estación ITV poderán manifestar a súa desconformidade ou desacordo co informe ou certificación a través do procedemento previsto no artigo 16 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. Mentres non exista unha revogación do informe ou certificación por parte da Administración, o interesado non poderá solicitar a mesma intervención doutro organismo de control.

2. Os organismos de control serán acreditados, autorizados e notificaranse, segundo se dispón na sección 1.ª do capítulo IV do Regulamento de infraestrutura para a calidade e seguraza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

Os organismos de control para realizar as distintas actividades enunciadas, deberán estar acreditados conforme a norma UNE-EN 45.004 sobre criterios xerais para o funcionamento dos diversos organismos que realizan inspección, e cumprir cos requisitos adicionais establecidos nos puntos I, II, III e IV, segundo o caso, do anexo IV deste real decreto.

3. As estacións de inspección técnica de vehículos autorizadas segundo se establece no artigo 10, punto 5, deberán estar acreditadas conforme a norma UNE-EN 45.004, antes mencionada, e cumprir cos requisitos adicionais establecidos no punto V do anexo IV do real decreto.

#### Artigo 13. *Contrasinais.*

1. Os organismos de control, sempre que realicen actuacións de certificación de tipo, solicitarán a asignación de contrasinal na forma que o órgano competente da comunidade autónoma, onde estea radicado o fabricante, dispoña. Da mesma forma, posteriormente, farán chegar, para efectos de rexistro de contrasinais, copias asinadas e seladas da certificación de conformidade, que incluírá o contrasinal, así como os outros documentos relacionados nas letras a) ou b) do artigo 18.2.

2. Para os efectos de cumprir coas obrigas que o ADR establece para os Estados, manterase un rexistro centralizado de contrasinais de tipo de envases e embalaxes, grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes, cisternas, vehículos batería e CGEM (contedores de gas de elementos múltiples), contedores a granel (pulverulentos ou granulares) especiais para determinados produtos segundo o ADR, así como de homologacións de vehículos. Este rexistro integrarase na Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

#### Artigo 14. *Reparacións ou modificacións.*

As reparacións ou outras modificacións que se pretendan efectuar nos depósitos de cisternas e contedores cisterna, realizaranse conforme o indicado no Real decreto 948/2003, do 18 de xullo, polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación ou modificación, de cisternas de mercadorías perigosas.

#### Artigo 15. *Actas de inspección.*

1. No caso de inspeccións iniciais de vehículos cisterna e vehículos batería, a acta de conformidade co tipo, que emita o organismo de control, será presentada por triplicado, xunto co certificado de carrozado do vehículo, na estación ITV que faga a inspección do vehículo para a expedición da tarxeta ITV. A estación ITV arquivará unha das copias, selando as outras e entregándollas ao propietario, quen conservará unha no seu poder, para a obtención do certificado de aprobación ou a súa renovación, entregando a outra ao organismo de control para o seu arquivo, e onde, en caso de perda ou subtracción, solicitará un duplicado.

2. A acta que emita o organismo de control tras as inspeccións por reparación ou modificación do vehículo cisterna ou vehículo batería será presentada, por triplicado, á estación ITV onde o vehículo efectúe a revisión regulamentaria, procedendo de igual forma con ela.

#### Artigo 16. *Certificado de aprobación.*

Expedirase un certificado de aprobación por cada vehículo-cisterna, vehículo batería, vehículo portador ou tractor de cisternas e CGEM, tipo FL, OX e AT e vehículos EXII e EXIII, logo de solicitude do propietario ou do seu representante, de acordo co modelo exposto no ADR en vigor.

O organismo de control emitirá o certificado, sempre que a inspección a que se somete o vehículo resulte satisfactoria, conforme o establecido no artigo 10 deste real decreto.

No caso de vehículos cisterna para ensaios ou probas, ou para transportar materias perigosas cuxo transporte non estea permitido polo ADR, pero que o director xeral de Transportes por Estrada autorice a transportar nunhas condicións determinadas, será necesario un certificado emitido por un organismo de control segundo modelo do apéndice F-2 do anexo VI.

#### Artigo 17. *Remisión de documentación.*

O órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co fin de realizar un seguimento nacional dos danos producidos polos accidentes ocorridos en cisternas que transportan mercadorías perigosas, unha copia asinada e selada da documentación relacionada no artigo 18.2 d) deste real decreto.

#### Artigo 18. *Documentación das inspeccións.*

1. Como consecuencia das actuacións dos organismos de control establecidas nos artigos anteriores, estes organismos xerarán os documentos que se relacionan para cada caso no anexo V deste real decreto.

2. Os documentos a que se fai referencia no punto 1 deste artigo, incluídas as actas negativas, serán arquivados e custodiados polo organismo de control durante un prazo non inferior a dez anos ou até a data de caducidade do documento, se é superior a dez anos; e estarán, en todo momento, á disposición do órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou a actuación. Non obstante, será remitida copia ao órgano competente da comunidade autónoma na forma que este dispoña, nos casos que a continuación se enumeran:

a) Certificación de tipo de envases, embalaxes, grandes embalaxes e grandes recipientes a granel (GRG). Por duplicado: certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios.

b) Certificación de prototipo de cisternas, vehículos baterías e CGEM. Por duplicado:



1.º Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo (apéndice E-6).

2.º Documento H especial (apéndice E-7).

3.º Documentos de clase (apéndice E-8).

c) Inspección inicial, antes da posta en servizo, das cisternas, vehículos batería e CGEM co tipo:

1.º Acta de conformidade da cisterna, vehículo-batería e CGEM co tipo (apéndice E-11).

2.º Documento H especial (apéndice E-7).

3.º Documentos G (apéndice E-14).

4.º Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario (apéndice E-15, parte I).

5.º Documentos de clase (apéndice E-8).

6.º Ficha técnica (apéndice E-22).

d) Inspeccións excepcionais. Nos casos en que sexan debidas a accidentes, por duplicado:

1.º Informe previo á modificación ou reparación dunha cisterna, contedor cisterna ou batería de recipientes para o transporte de mercadorías perigosas (apéndice E-18).

2.º Acta de inspección dunha cisterna, vehículo-batería ou CGEM para o transporte de mercadorías perigosas tras a súa modificación ou reparación (apéndice E-19).

3.º Documento H especial (apéndice E-7).

4.º Documentos G (apéndice E-14).

5.º Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario (apéndice E-15, parte I).

6.º Documentos de clase (apéndice E-8).

7.º Ficha técnica (apéndice E-22).

e) Inspeccións iniciais de vehículos tractores de vehículos cisterna, vehículos batería, vehículos portadores de cisternas, vehículos portadores de CGEM, vehículos portadores de batería de recipientes e vehículos para o transporte de explosivos tipo EX/II e EX/III:

1.º Acta de cumprimento regulamentario do vehículo (apéndice E-15).

2.º Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario (apéndice E-15, parte I).

3.º Anexo IV, parte II disposicións adicionais para vehículos EX/II e EX/III.

4.º Ficha técnica (apéndice E-22).

#### Artigo 19. *Importación de vehículos.*

Os vehículos cisterna fixos ou desmontables e os vehículos batería, así como os vehículos EXII e EXIII, trasladados a España doutro país parte contratante do ADR, para poderen ser matriculados deberán, previamente, obter un certificado ADR especial emitido polo órgano competente autonómico en materia de industria, o cal requirirá ao propietario ou importador, como necesarias, para tal obxecto a seguinte documentación:

1. Certificado ADR vixente con todos os datos e selos necesarios segundo o modelo oficial do ADR.

2. Certificado ou copia autorizada da aprobación de tipo pola autoridade competente, ou organismo autorizado por ela, do país de orixe onde se fabrica.

3. Documentación do fabricante de vehículos cisterna fixos ou desmontables, vehículo batería e vehículos EXII ou EXIII, referente a cálculos, planos e características dos equipamentos de servizo e de protección, así como a materia que se transporte, asinadas e seladas todas as súas follas polo fabricante das unidades citadas (incluírase a data de fabricación e o organismo de control autorizado que controlou e inspeccionou a construción e a proba inicial).

No caso de vehículos cisterna fixos ou desmontables ou de vehículos batería de 4 bares ou máis, será necesario

achegar un manual de calidade do fabricante, informado por un organismo de control autorizado.

4. Será sempre necesaria, previamente, a inspección dun organismo de control para verificar os datos da documentación, cuxa acta de inspección se lle presentará á autoridade competente, xunto coa documentación citada no punto 3.

5. A ausencia dalgún dos documentos citados dará lugar á non emisión do certificado ADR pola autoridade competente española.

6. Así mesmo, unha copia do certificado, emitido polo órgano competente da comunidade autónoma, remitirase ao rexistro de contrasinais de tipo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

### CAPÍTULO IV

#### **Normas de actuación en caso de avaría ou accidente**

##### Artigo 20. *Actuación e comunicación.*

1. En caso de que un vehículo que transporte mercadorías perigosas, a causa dunha avaría ou accidente, non poida continuar a súa marcha, actuarase da seguinte forma:

a) Actuación do condutor ou do seu axudante, de ser o caso:

O condutor ou o seu axudante tomará inmediatamente as medidas que se determinen nas instrucións escritas para o condutor, facilitadas polo expedidor, e adoptará aquelas outras que figuran na lexislación vixente. Seguidamente procederase a informar da avaría ou accidente ao teléfono de emerxencia que corresponda, de acordo coa relación que para tal efecto se publica, con carácter periódico, no «Boletín Oficial del Estado» mediante resolución da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior. Sempre que fose posible, comunicaráselle tamén á empresa ou ao propietario da mercadoría.

b) En caso de imposibilidade de actuación do condutor ou do seu axudante:

Neste suposto, a autoridade ou o seu axente máis próximo ou o servizo de intervención que recibiu a información inicial do feito (Agrupación de Tráfico da Garda Civil, forzas e corpos de Seguridade, Bombeiros, Cruz Vermella, etc.), asegurase, a través dos mecanismos e protocolos establecidos, de que sexan informados os responsables en materia de tráfico e seguranza viaria, e o centro de coordinación operativa designado no correspondente plan da comunidade autónoma ou, no seu defecto, as delegacións/subdelegacións do Goberno da provincia en que o suceso se produza, chamando aos números de teléfono que se publican, con carácter periódico, no «Boletín Oficial del Estado» mediante resolución da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, para que en cada caso se adopten as medidas de prevención ou protección que resulten máis adecuadas, contando para iso co disposto nas fichas de intervención dos servizos operativos en situacións de emerxencia provocadas por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada, aprobadas pola Orde INT/3716/2004, do 28 de outubro, pola que se publican as fichas de intervención para a actuación dos servizos operativos en situacións de emerxencia provocadas por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

2. A comunicación a que se refiren os puntos anteriores efectuarase polo medio máis rápido posible e incluírá os seguintes datos:

a) Localización do suceso.

- b) Estado do vehículo implicado e características do suceso.
- c) Datos sobre as mercadorías perigosas transportadas.
- d) Existencia de vítimas.
- e) Condicións meteorolóxicas e outras circunstancias que se consideren de interese para valorar os posibles efectos do suceso sobre a seguraza das persoas, os bens ou o ambiente e as posibilidades de intervención preventiva.

#### Artigo 21. *Plans de actuación.*

En función das necesidades de intervencións derivadas das características do accidente e das súas consecuencias xa producidas ou previsibles, as autoridades competentes aplicarán as medidas previstas nos plans especiais de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.

Os citados plans especiais serán elaborados de acordo co establecido na directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, aprobada mediante Real decreto 387/1996, do 1 de marzo.

#### Artigo 22. *Acordos de colaboración.*

O Ministerio do Interior ou os órganos competentes das comunidades autónomas en cada caso, así como aquelas entidades que representen sectores profesionais interesados (expedidores, transportistas, etc.), e co fin de colaborar nas actuacións en caso de accidente, fomentarán acordos ou pactos de axuda mutua entre as propias empresas dos sectores profesionais, e acordos ou convenios de colaboración das ditas empresas coas autoridades competentes en tales circunstancias. Destes darase información á Comisión Nacional de Protección Civil e, segundo proceda, á Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

Os danos que deriven directa ou indirectamente do emprego de persoal e materiais das empresas incorporadas aos acordos ou convenios de colaboración coas autoridades competentes, as lesións producidas ás persoas por estas actividades de colaboración nos plans de protección civil fronte a estes accidentes e, así mesmo, os danos que causen a terceiros pola acción daqueles en tales circunstancias, serán indemnizables de conformidade co disposto na lexislación sobre responsabilidade da Administración polo funcionamento dos servizos públicos, sen prexuízo do seu resarcimento por esta con cargo ao responsable do accidente.

#### Artigo 23. *Informes.*

1. Das actuacións que realicen as Forzas e Corpos de Seguraza ou os órganos competentes en materia de transportes, como consecuencia de accidentes ou incidentes de vehículos de mercadorías perigosas, en que se vexa implicada a mercadoría, remitirase un informe á Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

2. No caso de que, como consecuencia de accidentes ou incidentes de cisternas de mercadorías perigosas, se vexan afectados o depósito ou os seus equipamentos, o órgano competente en materia de seguraza industrial poderalle requirir ao propietario da cisterna un informe dun organismo de control.

3. A dirección da empresa remitirá os informes para casos de accidentes ou incidentes, nas condicións que estipula o ADR, nun prazo non superior a trinta días naturais, á Dirección Xeral de Transportes por Estrada, ao Concello do termo municipal onde se producise o suceso e ao

órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio tivese lugar o accidente. Todo iso sen prexuízo dunha posterior ampliación deste informe.

## CAPÍTULO V

### Operacións de carga e descarga

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS

#### Artigo 24. *Información previa.*

O expedidor deberalle proporcionar ao transportista a información necesaria para a elección do vehículo ao contratar o transporte, e este responsabilizarase de que este material móbil reúna as condicións establecidas na normativa vixente en función da mercadoría transportada.

#### Artigo 25. *Documentación.*

O expedidor ou, por delegación expresa deste, o cargador, entregará ao condutor a carta de porte, así como as instrucións escritas para o condutor, antes de se iniciar o transporte, sen prexuízo doutro tipo de documentos complementarios que procedan.

As informacións contidas nas instrucións escritas deberán ser comunicadas ao transportista, o máis tarde cando se dea a orde de transporte, co fin de lle permitir adoptar todas as medidas que sexan necesarias para garantir a súa información aos empregados afectados e de que estean en condicións de levalas a cabo correctamente e velar para que o equipamento necesario se leve a bordo do vehículo.

Os intermediarios no contrato de transporte deberán solicitar ao expedidor a documentación obrigatoria, que transmitirán ao transportista xuntamente coa carta de porte que subscriban.

Sen prexuízo da obriga do transportista de informar os seus empregados, o condutor instruírase sobre as particularidades da materia que vai transportar, lendo detidamente as instrucións escritas que se lle entregasen e logrando do expedidor, cargador ou intermediario, cantas aclaracións precise, asegurándose de que tanto a carta de porte como as instrucións escritas para o condutor se encontran a bordo da unidade de transporte ao iniciar a viaxe.

#### Artigo 26. *Operacións previas á carga ou á descarga.*

1. Logo de solicitude do cargador, o condutor presentarlle a seguinte documentación:

a) Certificado de aprobación que autorice a unidade de transporte que realizará o transporte da mercadoría perigosa nos casos en que o ADR o dispoña.

b) Certificado de formación ou autorización especial do condutor nos casos en que o ADR o dispoña.

2. Por cada cargamento, o cargador deberá comprobar o cumprimento regulamentario das epígrafes aplicables en cada caso da relación de comprobacións para carga de mercadorías perigosas que figura no anexo II. O cargador non poderá iniciar a carga dun vehículo se non cumpre cos requisitos regulamentarios dos puntos incluídos nas epígrafes: «documentación», «estado do equipamento do vehículo» e «comprobacións previas á carga». Non se permitirá a saída do vehículo se non se realizaron os controis dos puntos incluídos na epígrafe «controis despois da carga».

3. O descargador deberá igualmente comprobar os aspectos que afecten a seguraza nas operacións de descarga.



### Artigo 27. *Operación de carga ou descarga.*

O persoal que realice a carga ou a descarga, de acordo coas normas establecidas neste real decreto, deberá coñecer, baixo responsabilidade do cargador-descargador, os seguintes extremos:

- a) As características de perigosidade da mercadoría.
- b) O funcionamento das instalacións.
- c) Os sistemas de seguraza e contra incendios, debendo estar cualificado para o seu uso.
- d) Os equipamentos de protección persoal requiridos na instalación e a súa utilización.

Así mesmo, deberá manter o persoal alleo ás operacións de carga e descarga afastado do lugar onde se realizan e impedir calquera traballo incompatible coa seguraza da operación nas inmediacións. En todo caso, o vehículo deberá estar inmovilizado durante a carga e descarga.

O cargador-descargador responsabilizarase do cumprimento de todas as obrigas establecidas neste real decreto e no ADR relativas á carga e descarga do vehículo e ás operacións necesarias para levalas a cabo, coa única excepción da descarga de combustibles exclusivamente utilizados para usos domésticos, entendéndose como tal o destinado ao quecemento de auga sanitaria, calefacción e cociñas, da cal, salvo pacto en contrario, se responsabilizará o transportista.

### Artigo 28. *Carga en común e limitacións.*

En todo momento se respectarán as prohibicións, tanto de embalaxe como de carga en común das mercadorías perigosas, así como as limitacións de carga e condicións de transporte prescritas no ADR, e o cargador comprobará tales extremos antes da saída do vehículo da planta cargadora.

No caso de que a carga en común proceda de diferentes cargadores, o transportista informará o cargador cales foron as mercadorías cargadas con anterioridade, mediante a presentación da oportuna carta de porte.

### Artigo 29. *Operacións posteriores á carga ou á descarga.*

1. Despois da carga ou descarga, o cargador-descargador realizará unha inspección visual para detectar posibles anomalías: verteduras non percibidas anteriormente, manguerías conectadas, defectos na estiba de vultos, etc. En caso de verteduras, o cargador ou descargador deberá proceder á súa correcta limpeza.

2. As instalacións de carga e descarga disporán de áreas de estacionamento apropiadas para o normal desenvolvemento da súa actividade. Cando sexa necesaria a vixilancia dos vehículos, esta adaptarase ás condicións sinaladas no ADR. O persoal de vixilancia destes deberá recibir unha formación adecuada no tocante aos riscos nestes estacionamentos e de como actuar en caso de incidencias.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NORMAS ESPECIAIS NO CASO DE CISTERNAS FIXAS OU DESMONTABLES, CISTERNAS PORTÁTILES, CONTEDORES CISTERNA E CAIXAS MÓBILES CISTERNA

### Artigo 30. *Instalacións de carga ou descarga de cisternas.*

Para a carga e descarga de vehículos cisternas, cisternas desmontables, contedores cisterna, cisternas portátiles e caixas móbiles cisterna, que transporten mercadorías perigosas por estrada, deberanse cumprir as seguintes normas:

a) As instalacións de enchedura de cisternas, para as que o ADR establece un límite superior para o grao de enchedura, disporán dun dispositivo de control da cantidade máxima admisible, de tipo óptico e/ou acústico, que garanta as condicións de seguraza en razón do produto que se transporte ou outro sistema de eficacia equivalente aprobado pola autoridade competente, logo de informe dun organismo de control autorizado en que se constate a súa eficacia e seguraza.

b) Cando as disposicións legais exixan a adecuación das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna (limpeza interior ou exterior, etc.), para efectuar a carga dun produto incompatible co anteriormente transportado ou para o transporte de retorno, as instalacións de carga ou descarga ou ben deberán estar provistas dos equipamentos, dispositivos ou produtos adecuados para iso, ou ben o expedidor informará o transportista da instalación máis próxima onde se puidesen realizar estas operacións. En ambos os casos, as instalacións de adecuación das cisternas deberán contar coa debida autorización da Administración pública competente.

### Artigo 31. *Limpeza das cisternas.*

O transportista informará o cargador de cisternas de cal foi a última mercadoría cargada. O cargador de cisternas deberá exixir o certificado de lavado das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores-cisterna e caixas móbiles cisterna, en que conste que están limpas e baleiras. Este certificado deberá ser emitido por unha empresa autorizada pola Administración competente de acordo coa normativa vixente.

Non se requirirá o indicado certificado de lavado cando as cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores-cisterna e caixas móbiles cisterna veñan baleiros de descargar unha mercadoría e vaian cargar a mesma ou outra compatible.

O cargador de cisternas comprobará que a atmosfera interior é a adecuada para realizar a carga, cando así o dispoña o ADR.

### Artigo 32. *Grao de enchedura de cisternas.*

O expedidor indicarlle ao cargador de cisternas e fará constar na carta de porte, ou en documento anexo, o grao de enchedura que corresponda a cada materia e recipiente, de conformidade co ADR.

O cargador de cisternas deberá calcular a cantidade que se vaia cargar en función da MMA do vehículo, o grao de enchedura, a capacidade da cisterna e a carga residual contida, que deberá ser avaliada. No caso das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna compartimentados terase en conta o disposto no parágrafo anterior para cada un dos depósitos e/ou compartimentos. Co obxecto de evitar interpretacións erróneas, as cantidades que se vaian cargar indicaranse nas unidades de medida máis apropiadas ao sistema de enchedura e control da instalación; é dicir: litros, quilos, porcentaxe da capacidade, etc.

### Artigo 33. *Procedemento de carga e descarga.*

1. O cargador de cisternas-descargador realizará as operacións de carga e descarga seguindo estritamente as instrucións específicas dadas polo expedidor que, como mínimo, se axustarán aos requirimentos establecidos neste real decreto e no ADR. De ser o caso, teranse en conta os informes que, ao respecto, sexan emitidos polo conselleiro de seguraza no exercicio das súas funcións.

2. En particular, cumpriranse as seguintes normas:

a) Cando a natureza da materia o requira, derivarase á terra a masa metálica da cisterna.

b) Evitaranse desbordamentos ou emanacións perigosas que se puidesen producir.

c) Vixiaranse as tensións mecánicas das conexións ao ir descendendo ou elevándose a cisterna.

d) Non se emitirán á atmosfera concentracións de materias superiores ás admitidas pola lexislación correspondente.

e) Cada planta terá unhas instrucións específicas respecto a outras condicións da operación de cada mercadoría que se carga ou descarga, cando sexan distintas ás normas xerais.

f) O vehículo deberá estar inmovilizado e co motor parado durante toda a operación de carga ou descarga, excepto cando o seu funcionamento sexa necesario para realizar tales operacións. O cargador de cisternas comprobará, con suficiente garantía, o peso ou volume cargado e o grao de enchedura.

#### Artigo 34. *Control final.*

O condutor comprobará que todos os elementos de enchedura, baleirado e seguranza están nas debidas condicións para iniciar a marcha. Cando sexa necesario, o cargador de cisternas ou descargador acondicionará a atmosfera interior das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna.

O cargador-descargador de cisternas limpará externamente o vehículo, as cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna dos posibles restos da mercadoría que se puidesen adherir durante a carga ou descarga.

#### Artigo 35. *Documentación despois das descargas.*

Todo vehículo que circule despois dunha descarga deberá levar a bordo o certificado previsto no artigo 31, indicando que se realizaron as operacións de limpeza regulamentarias. No caso de que non se puidese producir a citada limpeza, o vehículo considerárase como se estivese transportando a última mercadoría cargada. Para estes efectos, as empresas descargadoras modificarán os documentos de transporte, para adecualos á mercadoría transportada en todo momento. No caso de se producir a descarga total da mercadoría, igualmente facilitarán a carta de porte en baleiro, sempre e cando non se puidese producir a limpeza do recipiente.

No caso dos transportes de gases licuados ou combustibles para calefacción para uso doméstico, autorízase que a carta de porte, a que se fai referencia no parágrafo anterior, poida ser expedida pola planta cargadora que realizou a operación de carga das citadas materias.

## CAPÍTULO VI

### Réxime sancionador

#### Artigo 36. *Aplicación.*

Sen prexuízo do disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e das responsabilidades doutra orde en que se poida incorrer, será de aplicación ao transporte de mercadorías perigosas por estrada o réxime sancionador establecido na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, modificada pola Lei 29/2003, do 8 de outubro, sobre mellora das condicións de competencia e seguranza no mercado de transporte por estrada, as súas normas de desenvolvemento e, de ser o caso, o disposto no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Disposición adicional primeira. *Idiomas da documentación.*

A documentación de transporte prevista no ADR, así como as instrucións escritas para caso de accidente, deberán estar redactadas na lingua oficial do Estado, sen prexuízo da posible utilización, ademais, doutras linguas oficiais das comunidades autónomas.

Ademais, as instrucións escritas para caso de accidente estarán redactadas nunha lingua de fácil comprensión para o condutor do vehículo.

Disposición adicional segunda. *Certificados de aprobación dos vehículos.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, os certificados de aprobación dos vehículos unicamente se expedirán de acordo co establecido nel e no ADR.

Disposición transitoria única. *Certificados de aprobación de determinadas cisternas para transportar residuos.*

Non obstante o disposto no artigo 16, os vehículos cisterna construídos antes do 1 de xullo de 1999 que se vaian utilizar unicamente en territorio español para o transporte de residuos considerados mercadorías perigosas no ADR, conforme o anexo IV da disposición recollida no punto 3 b) do anexo III deste real decreto, deberán estar provistos dun certificado emitido por un organismo de control segundo modelo do apéndice F-2 do anexo VI deste real decreto.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango sexan contrarias ao disposto neste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada, sen prexuízo do disposto no punto 2 do anexo I deste real decreto.

b) Orde do 24 de abril de 2000 pola que se regula o parte de accidente para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

c) Orde CTE/964/2004, do 31 de marzo, pola que se actualiza o anexo 3 e se modifica o anexo 4, o anexo 6 e diversos apéndices do anexo 5 do Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada.

2. Continúan vixentes as disposicións relacionadas no anexo III, na parte non regulada por este real decreto e mentres non se poñan ao establecido nel ou no ADR.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1556/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, ferrocarril ou por vía navegable.*

Quedan modificados o punto 2, do artigo 8, e a letra c) do artigo 9 do Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, no seguinte sentido:

#### Artigo 8.2

«Os informes dos conselleiros de seguranza, en caso de accidente ou incidente, nas manobras de transporte, carga ou descarga, segundo as condicións que estipula o ADR, serán remitidos, pola dirección da empresa, nun prazo non superior a trinta días naturais, á Dirección Xeral de Transportes

por Estrada ou á Dirección Xeral de Ferrocarrís de ser o caso, ao concello do termo municipal onde se produciu o suceso e ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio tivese lugar o accidente. Todo isto sen prexuízo dunha posterior ampliación deste informe.»

Artigo 9.c)

«Os informes anuais, previstos no punto 1 do artigo 7 do Real decreto 1566/1999, correspondentes ao transporte por estrada, serán remitidos polas empresas, durante o primeiro trimestre do ano seguinte, ao órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre radicada a sede social da empresa, con independencia do lugar de realización das operacións de carga, descarga ou transporte das mercadorías perigosas. Este informe conservase durante cinco anos.

Os informes anuais, correspondentes aos transportes realizados por ferrocarril, serán remitidos, nos mesmos prazos e condicións que se sinalan no parágrafo anterior, á Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento e aos órganos competentes das comunidades autónomas.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e actualización.*

1. Os ministros competentes por razón da materia ditarán, conxunta ou separadamente, no ámbito das súas

competencias, as disposicións que exixa o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto, logo de informe da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

2. Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para actualizar o anexo III de modo que recolla en todo momento as normas vixentes nas materias a que neste se fai referencia. Así mesmo, autorízase para modificar os anexos II, IV, V e VI deste real decreto co fin de manter adaptado o seu contido ás innovacións técnicas que se produzan e aos cambios na normativa española, comunitaria e internacional.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto traspón ao dereito español a Directiva 94/55/CE, do Consello, do 21 de novembro de 1994, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros con respecto ao transporte de mercadorías perigosas por estrada e as súas adaptacións ao progreso técnico.

Dado en Madrid, o 5 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ



## ANEXO I

**Normas especiais aplicables no caso de transportes desenvolvidos integramente dentro do territorio español***1. Materias e obxectos explosivos.*

Os explosivos a base de nitrato amónico e un aceite mineral, así como os explosivos cun considerable contido de auga compostos esencialmente de nitratos e axentes sensibilizantes, poderanse transportar a granel, en camiós tremoia, nos casos en que tales mesturas explosivas se descarguen directamente desde o camión aos barrenos. Estes camiós tolvá poderán ser asimilados ás unidades de transporte de "EXIII".

As disposicións do ADR sobre aprobación dos vehículos serán aplicables aos vehículos tremoia utilizados para estes transportes.

*2. Disposicións relativas ás cisternas fixas (vehículos cisternas), cisternas desmontables e baterías de recipientes.*

Continúan en vigor as prohibicións e prazos de utilización de cisternas fixas, desmontables e baterías de recipientes establecidas nos marxinais 211.180, 211.181 e 211.182 do anexo B do TPC, segundo a redacción recollida na Orde do ministro de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, do 7 de febreiro de 1996, pola que se modifican os anexos A e B do Regulamento nacional do transporte de mercadorías perigosas por estrada (TPC), aprobado polo Real decreto 74/1992, do 31 de xaneiro.

*3. Equipamentos especiais.*

Os depósitos utilizados para a distribución e aplicación de amoníaco anhidro para usos agrícolas postos en servizo antes do 1 de xaneiro de 1997, poderán estar equipados con dispositivos de seguranza externos en lugar de internos, se estes dispositivos están provistos dunha protección equivalente, polo menos, á que proporciona a parede do depósito.

*4. Tractores agrícolas.*

Non obstante o definido no artigo 2, para a tracción de remolques cargados con mercadorías perigosas para o desenvolvemento da actividade da agricultura, consideraranse os tractores agrícolas como vehículos para os efectos de que, cando circulen por vías públicas, necesitan os mesmos requisitos que os demais vehículos recollidos na presente normativa coas excepcións previstas no ADR.

*5. Recollida de residuos.*

Nos casos de recollida de envases ou embalaxes baleiros sen limpar, cando estes sexan devoltos nun sistema de distribución, non será obrigatorio indicar nos documentos de transporte os datos referentes ao expedidor.

*6. Venda en ruta.*

Cando se trate de transportes realizados na modalidade de venda en ruta, as indicacións dos destinatarios poderán ser substituídas polas palabras "venda en ruta", xa que se considera que os múltiples destinatarios non poden ser identificados ao inicio do transporte. Non obstante, deberase relacionar en todo momento a cantidade de mercadoría transportada.

## ANEXO II

**Relación de comprobacións para carga de mercadorías perigosas  
(Só se comprobarán as epígrafes aplicables en cada caso)**

## 1. Documentación.

- Autorización especial do condutor.
- Certificado ADR se o vehículo debe levalo.
- Documento de limpeza (exixible para a carga).

## 2. Estado de equipamento do vehículo.

- Extintor/es.
- Calzo/s.
- Lanterna/s.
- Triángulos reflectantes de sinalización.
- Ferramentas.
- Vestimenta/s reflectante/s.
- Equipamento de protección persoal, incluído nas instrucións escritas.

## 3. Comprobacións previas á carga.

- Comprobación ocular do bo estado do vehículo e os seus equipamentos.
- Inmobilización do vehículo.
- Toma de terra conectada, en caso de ser necesaria.
- Existencia na estación de carga dos equipamentos de seguranza pertinentes.
- Ausencia de traballo incompatible coa seguranza nas inmediacións do lugar de carga.
- Cálculo do grao de enchedura e da carga máxima correspondente en cisternas.
- Existencia de carga residual en cisternas.
- Atmosfera interior adecuada en cisternas.
- Motor parado.

## 4. Comprobacións durante a carga.

- Condutor fóra da cabina.
- Ausencia de fugas e derramos.
- Prohibición de fumar.
- Velocidade de enchedura adecuada en cisternas (se procede).
- Brazos de carga ou manguera sen tensións.
- Non se excede o grao máximo de enchedura en cisternas.

## 5. Controis despois da carga.

- Bocas de carga pechadas.
- Ausencia de fugas e derramos.

## a) Pesada diferencial:

- Control da cantidade cargada.
- Peso á saída.
- Peso á entrada.
- Neto cargado.

## b) Pesado gases Clase 2:

- Peso teórico en baleiro.
- Peso á entrada.
- Carga residual.
- Carga admisible máxima segundo o grao de enchedura.
- Carga residual.
- Peso neto máximo para cargar.

## c) Outros sistemas de control:

- Peso en báscula.
- Vehículo en báscula.
- Indicador do nivel de depósito.
- Indicador do nivel de cisterna.
- Cruceta baleiro ou vareta nivel.
- Contador volumétrico.
- Inspección do nivel fixo de cisterna.

## 6. Outros.

- Comprobación presión, se procede.
- Colocación de etiquetas de perigo.
- Paneis de cor laranxa con numeración adecuada.
- Descarga de sobrantes de mercadoría, se existe.
- Comprobación ocular final do estado do equipamento de servizo da cisterna.
- Carta de porte de mercadorías perigosas.
- Instrucións escritas para o condutor.



## ANEXO III

**Disposicións xerais que continúan en vigor en canto non se opoñan ao establecido no ADR ou neste real decreto**

## 1. Envases e embalaxes:

- a) Orde do ministro de Industria e Enerxía do 17 de marzo de 1986 pola que se ditan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ao transporte de mercadorías perigosas.
- b) Orde do ministro de Industria e Enerxía do 28 de febreiro de 1989 que modifica o punto 7.1 da do 17 de marzo de 1986 pola que se ditan normas para a homologación de envases e embalaxes destinados ao transporte de mercadorías perigosas.
- c) Real decreto 473/1988, do 30 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Consello das Comunidades Europeas 76/767/CEE sobre aparellos a presión.
- d) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipamentos transportables a presión.
- e) Real decreto 769/1999, do 7 de maio, polo que se ditan disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 97/23/CE, relativa aos equipamentos a presión e se modifica o Real decreto 1244/1979, do 4 de abril, que aprobou o Regulamento de aparellos a presión.

## 2. Vehículos

- a) Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas para a homologación de tipo de vehículos de motor e os seus remolques.
- b) Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóviles, remolque e semirremolques.
- c) Orde ITC/3079/2005, do 3 de outubro, sobre actualización dos anexos I e II do Real decreto 2028/1986, sobre aplicación de determinadas directivas CE.

## 3. Cisternas e contedores cisterna

- a) Orde do ministro de Industria e Enerxía do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.
- b) Orde do ministro de Industria e Enerxía do 30 de decembro de 1994, pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.
- c) Orde do ministro de Industria e Enerxía do 16 de outubro de 1996, pola que se modifica a do 20 de setembro de 1985, sobre normas de construción, aprobación de tipo, ensaios e inspección de cisternas para o transporte de mercadorías perigosas.
- d) Real decreto 749/2001, do 29 de xuño (BOE do 18 de xullo de 2001), polo que se establecen as características mínimas que deben cumprir as bocas de home e inspección das cisternas de carburantes (gasolinas, gasóleos e fueis lixeiros) así como

combustibles de calefacción domésticos ou outros combustibles de uso industrial que están clasificados no ADR como materias da clase 3 e que ademais teñan unha presión de cálculo da cisterna de menos de 0,75 quilogramos por centímetro cadrado de presión manométrica.

- e) Real decreto 1437/2002, do 27 de decembro (BOE do 23 de xaneiro de 2003), polo que se adecuan as cisternas de gasolina ao Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV).
- f) Real decreto 948/2003, do 18 de xullo (BOE do 6 de agosto de 2003), polo que se establecen as condicións mínimas que deben reunir as instalacións de lavado interior ou desgasificación e despresurización, así como as de reparación e modificación, de cisternas de mercadorías perigosas.
- g) Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipamentos transportables a presión.

## ANEXO IV

**Organismos de control e ITV**

- I. Requisitos adicionais que deberán cumprir os organismos de control para realizar a proba e aprobación de tipo e certificación da conformidade da produción e, de ser o caso, inspeccións periódicas de envases, embalaxes e grandes recipientes a granel (GRG).
  - a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, dos códigos de deseño e construción de recipientes a presión aplicables, tanto nacionais como estranxeiros, e dos regulamentos nacionais e convenios internacionais que se apliquen ao transporte de mercadorías perigosas.
  - b) Deberán dispor, ademais, da documentación técnica vixente, que figura na columna I do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna I do cadro 3.
  
- II. Requisitos adicionais que deben cumprir os organismos de control para realizar a aprobación de prototipo de cisternas, baterías de recipientes, contedores cisterna e cisternas portátiles para o transporte aéreo, incluíndo os medios de fixación do depósito.
  - a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, dos códigos de deseño e construción de recipientes a presión aplicables, tanto nacionais como estranxeiros, e dos regulamentos nacionais e convenios internacionais que se apliquen ao transporte de mercadorías perigosas.
  - b) Deberán dispor, ademais, da documentación técnica vixente, que figura na columna II do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna II do cadro 3.
  
- III. Requisitos adicionais que deben cumprir os organismos de control para o seguimento da construción en todas as súas fases e para a inspección inicial, antes da posta en servizo, incluíndo os medios de fixación do depósito e inspeccións excepcionais das cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna, vehículos cisterna, inspeccións iniciais de vehículos portadores de cisternas desmontables, vehículos portadores de baterías de recipientes, vehículos portadores de contedores cisterna e outros aos cales se lles exixa no ADR e, de ser o caso, vehículos tractores dos anteriores.
  - a) O persoal que as realice debe ser técnico titulado coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas, e especificacións de materiais, das soldaduras e tecnoloxía das unións soldadas, dos códigos de deseño utilizados na construción de recipientes, formación apropiada e capacidade para cualificar os procedementos de soldadura utilizados na construción e ter a cualificación no nivel II das técnicas de ensaios non destrutivos (END) empregadas durante a construción.
  - b) Deberán dispor, ademais, dos equipamentos de inspección, propios, contratados ou achegados polo taller, que figuran na columna III do cadro 1, da documentación técnica vixente, que figura na columna III do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna III do cadro 3.



- IV. Requisitos adicionais que deberán cumprir os organismos de control para as inspeccións periódicas das cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna, vehículos cisterna, vehículos portadores de cisternas desmontables, vehículos portadores de baterías de recipientes, vehículos portadores de contedores cisterna e outros aos cales se lles exixa no ADR e, de ser o caso, vehículos tractores dos anteriores.
- a) O persoal que as realice debe ser técnico coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas e regulamentos nacionais que se apliquen ao transporte de mercadorías perigosas e dos procedementos de inspección e ter a cualificación no nivel II das técnicas de ensaios non destrutivos (END) empregadas na inspección de que se trate.
  - b) Deberán dispor, ademais, dos equipamentos de inspección, propios, contratados ou achegados polo taller, que figuran na columna IV do cadro I, da documentación técnica vixente, que figura na columna IV do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna IV do cadro 3.
- V. Requisitos adicionais que deberán cumprir as estacións ITV para as inspeccións anuais de vehículos.
- a) O persoal que as realice debe ser técnico coa cualificación, formación e experiencia apropiadas a esta actividade. En particular, debe ter un coñecemento satisfactorio das normas e regulamentos nacionais que apliquen ao transporte de mercadorías perigosas e os procedementos de inspección.
  - b) Deberán dispor, ademais, da documentación técnica vixente que figura na columna V do cadro 2 e dos procedementos técnicos que figuran na columna V do cadro 3.

CADRO 1

EQUIPAMENTOS DE INSPECCIÓN	III	IV
Equipamentos de ultrasóns con pantalla de lectura dixital para medición de espesores de envolventes metálicos e equipamentos de ultrasóns con pantalla gráfica para a exploración de soldaduras e zonas anexas (propias).	X	X
Cinta métrica, galgas, calibres para control dimensional (propias).	X	
Pinzas amperimétricas (CC e CA) e termómetro de contacto ou xices termométricos, para control dos parámetros de soldadura.	X	
Equipamentos de END: líquidos penetrantes, partículas magnéticas fluorescentes (propias).	X	X
Equipamentos de END: radiografías.	X	
Equipamentos de ED: durómetro, fotomacrografía, fotomicrografía, máquina universal de ensaios de tracción e de pregado, máquina de ensaio de resiliencia (péndulo Charpy).	X	
Laboratorio de análises químicas de materiais.	X	
Útiles e máquinas para a preparación de ensaios e probas.	X	
Contador volumétrico ou báscula, con erro inferior ao 1% para a proba de capacidade.	X	
Bomba hidráulica para a proba de presión.	X	X
Bomba de baleiro para a proba de cisternas crioxénicas, con illamento ao baleiro.	X	X
Equipamento de detección de fugas con gas trazador de helio, para as cisternas con illamento ao baleiro.	X	X
Compresor pneumático para a proba de estanquidade.	X	X
Spray de auga xabonosa para a detección de fugas (propio).	X	X
Banco de probas e compresor pneumático (ou botella de gas inerte) para a proba e tarado de válvulas de seguraza e comprobación de válvulas de aireación.	X	X
Xogo de manómetros, con rango adecuado e precisión 3% (propios).	X	X
Vacuómetro e termómetro (até -196° C) para control de probas de baleiro.	X	X
Lámpada antideflagrante (propia).	X	X
Explosímetro, para verificar a ausencia de atmosferas explosivas (propias).	X	X
Troqueis alfanuméricos, de distintos materiais.	X	X
Cámara fotográfica (propia).	X	X
Equipamentos de protección individual.	X	X
Flexómetro (rango 0-4 aproximadamente. Resolución 0.001 m con precisión de 3%).	X	X

CADRO 2

Documentación técnica vixente	I	II	III	IV	V
Acordo Europeo sobre Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Estrada (ADR)	x	x	x	x	x
Real decreto sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada	x	x	x	x	x
Normas de construción e ensaio de cisternas	x	x	x	x	
Códigos de deseño de aparellos de presión permitidos pola Administración. Con carácter non limitativo, admítense os seguintes códigos: ASME, BRITISH STANDARDS, AD-MERKBLATT, CODAP, CERAP		x	x	x	

CADRO 3

Procedementos técnicos	I	II	III	IV	V
Revisión de proxectos para a obtención da aprobación de cisternas		x			
Revisión de expedientes relativos a: -Modificación/reparación de cisternas -Legalización de cisternas de importación		x			
Avaliación de empresas para a súa inscrición como fabricantes de cisternas			x		
Supervisión de fabricación, modificación ou reparación de cisternas -Recepción de materiais -Control de traslado de marcas -Control de execución de soldadura -Supervisión de END -Supervisión de ED -Supervisión de análises químicas -Control de tratamento térmico -Control dimensional -Inspección visual			x		
Inspección periódica de cisternas Inspección visual				x	
Inspección de vehículos			x	x	x
Probas -Volumétrica -Hidráulica -Pneumática - Baleiro -Detección de microfisuras -Funcionamento de equipamentos -Mecanismos de seguraza			x	x	
Gravado de placas			x	x	
Seguraza do persoal de inspección			x	x	x

## ANEXO V

**Documentación**

- I. Documentos que se xerarán para a certificación de tipo de envases e embalaxes:
  - a) Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice E1).
  - b) Actas de probas (apéndice E2).
  - c) Actas de ensaios.
  - d) Auditoría do sistema de control de calidade.
  
- II. Documentos que se xerarán para a certificación de tipo de grandes recipientes para granel (GRG):
  - a) Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice E3).
  - b) Actas de probas (apéndice E4).
  - c) Actas de ensaios.
  
- III. Documentos que se xerarán para o control de conformidade da produción de envases e embalaxes e grandes recipientes para granel (GRG):
  - a) Acta de conformidade da produción (apéndice E5).
  - b) Actas de probas (apéndice E2 ou E4).
  - c) Actas de ensaios.
  
- IV. Documentos que se xerarán para a certificación de prototipo de cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna:
  - a) Certificado de conformidade do tipo cos requisitos regulamentarios (apéndice E6).
  - b) Documento H especial (apéndice E7).
  - c) Documentos de clase (apéndice E8).
  - d) Ficha técnica (apéndice E22).
  
- V. Documentos que se xerarán durante o seguimento da construción en todas as súas fases de cisternas, baterías de recipientes e contedores cisterna:
  - a) Acta de conformidade das unións soldadas (apéndice E9).
  - b) Informe radiográfico (apéndice E24).
  - c) Bosquexo radiográfico (apéndice E25).
  - d) Acta de conformidade dos materiais (apéndice E10).
  - e) Bosquexo de situación das placas (apéndice E26).
  - f) Acta de ensaio de tracción das probetas.
  
- VI. Documentos que se xerarán durante a inspección inicial, antes da posta en servizo, das cisternas, contedores cisterna, vehículos cisterna e vehículos batería:
  - a) Acta de conformidade das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisternas, caixas móbiles cisternas e contedores de gas de elementos



- múltiples co tipo e de cumprimento regulamentario do vehículo portador (apéndice E11).
- b) Certificado de proba de estanquidade (apéndice E20).
  - c) Certificado de proba de presión hidráulica (apéndice E21).
  - d) Acta de proba volumétrica (apéndice E12).
  - e) Certificado de calibración de válvulas de seguraza e proba de válvulas de aireación (apéndice E13).
  - f) Outras actas de probas regulamentariamente exixidas.
  - g) Documento H especial (apéndice E7).
  - h) Documentos G1 e G2 (apéndice E14).
  - i) Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario dun vehículo base, vehículo completo ou completado EX/II ou EX/III, vehículo cisterna, vehículo batería, vehículo para cisternas desmontables, vehículo para contedores cisterna, vehículos para cisternas portátiles ou CGEM (apéndice E15), excepto en cisternas e contedores cisterna.
  - j) Documentos de clase (apéndice E8).
  - k) Ficha técnica (apéndice E22).
  - l) Fotocopia ou fotografía da placa de características da cisterna.
- VII. Documentos que se xerarán durante as inspeccións periódicas das cisternas, contedores cisterna, vehículos e vehículos batería:
- a) Acta de inspección periódica das cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisternas, caixas móbiles cisternas e contedores de gas de elementos múltiples e o seu vehículo portador para o transporte de mercadorías perigosas por estrada (apéndice E16).
  - b) Certificado de proba de estanquidade (apéndice E20).
  - c) Certificado de proba de presión hidráulica, se corresponde (apéndice E21).
  - d) Certificado de calibración de válvulas de seguraza e proba de válvulas de aireación (apéndice E13).
  - e) Acta de ensaios non destrutivos (para a clase 2) (apéndice E27).
  - f) Outras actas de probas regulamentariamente exixidas.
  - g) Documentos G1 e G2 (apéndice E14).
  - h) Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario dun vehículo base, vehículo completo ou completado EX/II ou EX/III, vehículo cisterna, vehículo batería, vehículo para cisternas desmontables, vehículo para contedores cisterna, vehículos para cisternas portátiles ou CGEM (apéndice E15).
  - i) Documentos de clase (apéndice E8).
  - j) Fotocopia ou fotografía da placa de características da cisterna.
- VIII. Documentos que se xerarán durante as inspeccións excepcionais:
- a) Informe previo á modificación ou reparación dunha cisterna, contedor cisterna ou batería de recipientes para o transporte de mercadorías perigosas (apéndice E18).
  - b) Acta de inspección dunha cisterna, contedor cisterna ou batería de recipientes para o transporte de mercadorías perigosas tras a súa modificación ou reparación (apéndice E19).
  - c) Certificado de proba de estanquidade (apéndice E20).
  - d) Certificado de proba de presión hidráulica (apéndice E21).

- e) Acta de proba volumétrica (apéndice E12).
  - f) Certificado de calibración de válvulas de seguraza e proba de válvulas de aireación (apéndice E13).
  - g) Outras actas de proba regulamentariamente exixidas.
  - h) Documento H especial (apéndice E7).
  - i) Documentos G1 e G2 (apéndice E14).
  - j) Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario dun vehículo base, vehículo completo ou completado EX/II ou EX/III, vehículo cisterna, vehículo batería, vehículo para cisternas desmontables, vehículo para contedores cisterna, vehículos para cisternas portátiles ou CGEM (apéndice E15).
  - k) Documentos de clase (apéndice E8).
  - l) Ficha técnica (apéndice E22).
- IX. Documentos que se xerarán durante as inspeccións iniciais ou periódicas de grandes recipientes a granel (GRG) cando sexan exixidas polo ADR, IMDG e RID: acta de inspección inicial ou periódica dun gran recipiente para graneis (GRG) para o transporte de mercadorías perigosas (apéndice E23).
- X. Documentos que se xerarán durante a inspección inicial e periódica de vehículos tractores de vehículos cisterna, vehículos portadores de cisternas desmontables, vehículos portadores de contedores cisterna e vehículos para o transporte de explosivos tipos II e III.  
Documentos V1 e V2 e acta de cumprimento regulamentario dun vehículo base, vehículo completo ou completado EX/II ou EX/III, vehículo cisterna, vehículo batería, vehículo para cisternas desmontables, vehículo para contedores cisterna, vehículos para cisternas portátiles ou CGEM (apéndice E15).

## ANEXO VI

**Modelos de certificados*****APÉNDICE E1******Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas***

Número de contrasinal de tipo: .....

Organismo de control: .....

.....

Marca de fábrica ou denominación comercial: .....

.....

Empresa fabricante

-Nome completo: .....

.....

-Domicilio social: .....

.....

Nome e enderezo do representante legal do fabricante: .....

.....

Regulamentación aplicable: .....

.....

Identificación do envase/embalaxe/grandes embalaxes: .....

.....

Tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes: .....

.....

Código de envases/embalaxes/grandes embalaxes: .....

.....

Modelo: .....

.....

Volume en m<sup>3</sup>: .....

Peso bruto máximo: .....

Dimensións: .....

Tensión de vapor a 50° C máis alta das materias que se van transportar: .....

Densidade máis alta de todas as materias que se van transportar: .....

Descrición do envase/embalaxe/grandes embalaxes: .....

.....

Características do envase/embalaxe/grandes embalaxes: .....

.....

A unidade antes citada é válida para o transporte das seguintes materias (clases e puntos): .....

.....

De acordo coas seguintes excepcións: .....

Organismo de control e, de ser o caso, laboratorios encargados das probas e ensaios: .....

Números das actas de probas e ensaios: .....

Entidade auditora que realizou a auditoria do sistema de control de calidade: .....

Número da auditoria: .....

Código de envase: .....

Grupo de embalaxe: .....

Marcaxe: .....

Estudada a memoria descriptiva dos envases/embalaxes/grandes embalaxes arriba referenciados, asinada por D./D<sup>a</sup> ....., vista a regulamentación aplicable e tendo en conta as probas e ensaios referenciados arriba, este organismo de control CERTIFICA que este tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes cumpre coa regulamentación vixente para a súa aprobación.

En ....., o .... de ..... de .....

O/A director/a técnico/a do organismo de control

#### OBSERVACIÓNS:

1. As características da produción en serie corresponderanse en todo momento co tipo certificado.
